

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE XULLO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de xullo de dous mil sete; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 25 de Xuño do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **CONDICIONS URBANISTICAS.-**

Vista a solicitude de **Don Julio Escudero Rodríguez**, con domicilio na Che Petit-Bois nº 13, Genev, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmobile sito na estrada de Ribadavia-Arnoia OU-305, A Foz, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 29.06.07, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, , Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1.1 Según a ubicación facilitada , a parcela de referencia, a súa clasificación urbanística , corresponde a Solo de Núcleo Rural

1.2 Son de aplicación os Artigos 24 e seguintes da LOUGA.

1.3 Axuntase co presente informe:

1.3.1 Arts 24 e seguintes da LOUGA.

1.3.2 Plano Oficial N.R. , E 1: 10.000”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 14-06-07, relativa a expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante pozo denominado “Camiño da Fonte do Seixo”, sito en Esposende, deste término municipal”.

-“Da Dirección Xeral de Acción Social, Resolución de data 05-06-07, concedendo subvención de 10.000 euros para a execución de proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano”.

-“ Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo na súa Resolución de data 27 de xuño pasado otorgou a este Concello unha subvención para financiar os costes salariais e as cotizacións á Seguridade Social de dous traballadores desempregados par a realización do servizo denominado "Mantemento, Conservación e Labores de Auxilio na Piscina Municipal".

-“Da Dirección Xeral de Formación e Colocación, Resolución de data 29 de xuño pasado, concedendo subvención para a realización de actividades de información , orientación e búsqueda de emprego”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

Non houbo.-

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

